

Xornada



«Amizade en torno a Baltar». O Museo do Pobo Galego acolleu onte unha xornada para render homenaxe e profundar no legado do arquitecto Rafael Baltar, figura clave na cultura, na arquitectura e nas institucións galegas do último terzo do século XX. Neste acto, organizado pola institución museística, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) e a Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña (ETSAC), interviñeron, entre outros, Ramón Villares, Fernando Agrasar, Mónica Mesejo, Cristóbal Crespo, Juan Prieto, Myriam Gollubof, Felipe Peña e Pablo Gallego, ademais do fillo do homenaxeado, Ramón Baltar. Tamén asistiu a viúva de Rafael Baltar, Ana Domínguez. A mostra sobre o arquitecto seguirá ata finais de mes no museo.